

A pistola de Vázquez

VÍTOR VAQUEIRO

Vexo na imprensa diaria unha fotografía: aparece nela un grupo de sindicalistas portando cadanseu cartaz, todos eles idénticos. No cartaz ve-se a Francisco Vázquez, rexedor coruñés, fotografado segundo un encadramento que abranxe a parte superior do seu corpo, desde a súa cintura. Adiviña- se nel unha expresión ameazante, que se alonga no seu brazo esquerdo, dirixido cara ao espectador. Ao cabo do seu brazo figura –como acontece en todos os humanos– a súa man, que terma dun revolver, lembrando a coñecida foto que William Klein tirou a meados da década dos 50 en Nova Iorque. Se lembrarmos o desexo manipulador da fotografía, debemos recuar practicamente até as suas orixes, pois, mesmo dentro dun territorio considerado tradicionalmente o fiel reproduutor da realidade, como o fotoxornalismo, xustamente aí, exercerá os primeiros intentos de fotomontaxe con imaxes procedentes da Comuna de París. A sucesión de “calotes” gráficos, deitaria unha longa renque de fotos que abranxerian desde Felice Beato até a fotografía de Groucho Marx e Rambo en conversa animada publicada polo *The New York Times*, desde Alexander Gardner a Weegee, desde o corvo mariño de Alaska, deslocado no tempo –2 anos– e no espazo –vários miles de quilómetros– até a primeira guerra do Golfo, ou a fotografía do xeneral Schwarzkopf, posando “após da guerra” con soldados entre os que se achaba un falecido. A día de hoxe, case constitúe unha lei histórica que todo aquilo que a Humanidade tivo ao seu alcanzo, utilizou-no: cando dominou os principios da aerostática, voou. Mália o terror que iso supuña, a enerxía nuclear con obxectivos escaladrantes e os avances científicos aplicaran- se en multitude de materias, queira-o ou non a Conferencia Episcopal. A conxunción do computador e de programas deitan dados esclarecedores: hai 15 anos o 10% das fotografías que se publicaban na imprensa norteamericana foran manipuladas. Hoxe mesmo, o concello de Coín (Málaga), convoca un concurso de fotografía de tema libre e anuncia que non se admitirán fotografías “manipuladas por ordenador y demás”. Fervo de ánsia por saber como detectaría o xuri nomeado polo concello unha fotografía que presentase, por poñermos un caso, o mexicano Pedro Meyer. Por todo isto é polo que reivindico o papel da fotografía asociado ao da arte, a súa capacidade de mentir e construír ficcións e, ao mesmo tempo, o non acreditarmos en nengunha fotografía que se nos mostre como documento. E si verdadeiramente a foto de Francisco Vázquez fose auténtica?